

**ASUNTO: PLAN DE AUDITORÍAS PARA O EXERCICIO DO CONTROL FINANCEIRO DAS SUBVENCIÓNS PAGADAS POLA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL NO EXERCICIO DE 2005.**

**I) INTRODUCCIÓN**

A función de control interno da xestión económico-financeira e orzamentaria das entidades locais, os seus organismos autónomos e empresas atópase regulada basicamente no artigo 92-2-3 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de réxime local, nos artigos 213, 220 e 221 do Real decreto legislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais e, no tocante ao control financeiro das subvencións, no Título III da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións.

Esta función de control interno, económico-financeiro e orzamentario está atribuída á Intervención xeral, segundo o artigo 92.3 b) LBRL, no artigo 4-1-y) del RD 1174/87, de 18 de setembro, polo que se regula o Réxime xurídico dos funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional, o artigo 136.1<sup>1</sup> da Lei 57/2003 de Modernización do goberno local, o Título III da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e na Base 59<sup>a</sup> de Execución do Orzamento da Deputación Provincial da Coruña correspondente ao exercicio de 2006.

De acordo coa referida Base 59<sup>a</sup>, a Intervención provincial debe elaborar anualmente un Plan de control das subvencións xustificadas e pagadas no ano inmediato anterior, co fin de comprobar os seguintes extremos:

- A axeitada e correcta obtención das subvencións por parte do beneficiario.
- O cumprimento das obrigas de xestión e aplicación da subvención.

---

<sup>1</sup> A función pública de control e fiscalización interna da xestión económico-financeira e orzamentaria na súa acepción de función interventora, función de control financeiro e función de control de eficacia, corresponde a un órgano administrativo coa denominación de Interventor xeral..

- Axeitada e correcta xustificación da subvención e realidade e regularidade das operacións que, de acordo coa xustificación presentada, teñan sido financiadas coa subvención.
- Axeitado e correcto financiamento das actividades en relación ao que dispón o artigo 19.3 da Lei 38/2003, Xeral de subvencións.
- A existencia de feitos, circunstancias ou situacións non declaradas á Administración que poideran afectar á subvención concedida.

Unha vez aprobado o Plan polo Presidente, segue a dicir a Base 59ª, a Intervención provincial deberá levalo a cabo, podendo recabar o apoio dos medios persoais e materiais que estime necesarios para o seu axeitado cumprimento.

Consonte ao disposto na normativa de aplicación anteriormente citada, preséntase o Plan que se detalla nos apartados seguintes.

## **II) ÁMBITO DE APLICACIÓN: UNIVERSO SOBRE O QUE SE ESTENDE O CONTROL FINANCEIRO.**

O universo de expedientes sobre o que recaerá este control virá determinado polas seguintes características:

O ámbito do control esténdese a tódalas subvencións concedidas á persoas e entidades privadas, que foron xustificadas e pagadas no exercicio de 2005, con cargo a algún dos seguintes programas:

<b>PROGRAMA</b>	<b>APLICACIÓN ORZAMENTARIA</b>
451H Promoción de actividades culturais	0601/451H/48999 0601/451H/78999
451L Apoio a fundacións	0601/451L/48999
452C Promoción de actividades deportivas	0601/452C/48999 0601/452C/78999
463B Acción comunitaria	0305/463B/48999 0305/463B/78999
469B Promoción asociacións de viciños	0601/469B/48999

	0601/469B/78999
560A Proxectos de desenvolvemento local provincial	0305/560A/48999 0305/560 <sup>a</sup> /78999
711C Fomento pesqueiro	0305/711C/48999 0305/711C/78999
711E Fomento sector primario e industrias derivadas	0305/711E/48999 0305/711E/78999

Tal como se deduce das aplicacións orzamentarias recollidas no cadro anterior, quedan fóra do ámbito de control as subvencións concedidas aos Concellos da Provincia, ás demais entidades locais e outros entes públicos, xa que nos mesmos existe un órgano de control propio que vela pola correcta aplicación dos fondos concedidos.

Aínda así, quedan dentro da delimitación orzamentaria establecida total de 3.697 expedientes, correspondentes a outras tantas subvencións xustificadas e pagadas no exercicio de 2005 (segundo información extraída da aplicación informática de contabilidade –achégase o correspondente listado-).

Tendo en conta este abondoso número de expedientes, despois de analizado o listado dos mesmos, compróbase que moitos deles teñen unha contía moi pouco significativa e que, partindo do rigoroso control formal que se fixo sobre a documentación xustificativa con carácter previo ao pago, non se considera de grande relevancia facer agora un control finaceiro posterior.

Da delimitación anterior, considérase que deben seleccionarse os expedientes que teñan certa significancia relativa, polo que se opta por incluír a tódolos que teñan unha contía igual ou superior aos 6.000 euros. Deste xeito quedan dentro do universo só 222 expedientes, dos que 158 corresponden a subvencións correntes (capítulo 4<sup>o</sup> de gastos) e 64 a subvencións de capital. Pese a que esta escolleita supón só un 6 por cento dos 3.697 expedientes, o importe total de fondos públicos susceptibles de seren comprobados ascende a 2.871.543,80 euros, o que en termos relativos acada un 39,13 por cento dos gastos realizados por esta Deputación con cargo ás aplicacións orzamentarias sinaladas.

### III) DETERMINACIÓN DOS EXPEDIENTES A EXAMINAR E CRITERIOS DE SELECCIÓN DOS MESMOS.

Dentro do universo definido anteriormente, que queda acoutado a 222 expedientes, teñen que utilizarse técnicas de muestreo para a cuantificación dos expedientes a fiscalizar (tamaño da mostra) e logo, de xeito aleatorio, determinar concretamente os expedientes concretos a examinar.

Para a determinación do tamaño da mostra, utilízase o procedemento de muestreo aleatorio simple, tendo en conta as seguintes variables:

- a) Tamaño do universo (N)= 222
- b) Porcentaxe esperada de elementos defectuosos: 0,50 %

Dado que non hai experiencia de anos anteriores, por ser esta a primeira vez que se aproba un Plan de control financeiro de subvencións concedidas por esta Deputación, tómase a mesma porcentaxe de elementos defectuosos que a prevista para a fiscalización posterior dos expedientes de ingresos.

- c) Nivel de precisión: 1%
- d) Nivel de confianza: 90%

Con respecto a estas dúas magnitudes, hai que salientar que están dentro dos parámetros establecidos pola Intervención xeral do estado (IGAE) para o exercicio do control financeiro.

De acordo coas variables expostas, determínase o tamaño da mostra pola aplicación da seguinte fórmula, que tamén utiliza a IGAE:

$$N = \frac{N * P_{ESP} (100 - P_{ESP})}{V_o (N - 1) + P_{ESP} (100 - P_{ESP})}, \text{ sendo } V_o = (PRECISIÓN / 1,64)^2$$

Da aplicación da anterior fórmula resulta un tamaño da mostra de 47 expedientes a fiscalizar.

Para a elección concreta destes 47 expedientes, divídese o número da mostra polos expedientes a examinar (222/47), do que resulta unha a proporción de un expediente por cada cinco incluídos na mostra. O primeiro dos expedientes seleccionárase ao chou, entre os cinco primeiros do listado que se achega e, unha vez elixido o primeiro, quedarán automaticamente seleccionados todos os que lle corresponda o número cinco de cada intervalo. Deste xeito, obteranse 44 expedientes. Os tres restantes, ata completar a mostra, serán os que teñan os tres maiores importes entre os 178 restantes.

Do procedemento de selección e da observanza das presentes regras dará fe o Secretario xeral da Corporación.

#### **IV) DESENVOLVEMENTO DOS TRABALLOS: A CREACIÓN DUN EQUIPO DE TRABALLO DENTRO DA PROPIA INTERVENCIÓN PROVINCIAL.**

Unha vez seleccionados os expedientes, crearase un equipo de traballo, composto alomenos por 4 persoas pertencentes ao Servizo de fiscalización da Intervención provincial e con con experiencia en tarefas de control de subvencións. Baixo a superior dirección do Interventor xeral, o Interventor adxunto, Don Juan B. Suárez Ramos, coordinará o equipo de traballo, escollendo para o mesmo a persoas capacitadas para o axeitado desenvolvemento do mesmo.

No exercicio das actuacións de control, os funcionarios que participen nestas tarefas actuarán investidos das facultades previstas no artigo 47 da Lei 38/2003 e, asemade, suxeitos aos deberes do artigo 48 do mesmo corpo legal.

#### **V) INFORMES DE AUDITORÍA**

Os informes terán que axustarse ao disposto no artigo 50 da Lei 38/2003, co desenvolvemento previsto nas Normas de Auditoría do Sector público (Resolución da IGAE de 14 de febreiro de 1997, B.O.E. número 234 do 30 de setembro de 1998, e Circular da IGAE 1/99, de 26 de marzo, sobre control financeiro) . Coma mínimo, os informes deberán contar coa seguinte estrutura:

- I) Antecedentes.
- II) Lexislación aplicábel
- III) Consideracións
- IV) Conclusión: coa procedencia ou non de reintegro

Unido ao informe, deberán incorporarse as dilixencias, nas que se manifesten as incidencias máis relevantes que se produciron no desenvolvemento das tarefas de control.

No expediente administrativo deberán incorporarse as follas de traballo elaboradas e subscritas polo persoal auditor, a documentación dos traballos de comprobación realizados e los elementos de proba obtidos, que quedarán baixo a custodia da Intervención provincial, debendo garantirse a protección de datos e información persoal, de conformidade co disposto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal.

No caso de que proceda o reintegro da totalidade ou parte da subvención, deberase notificar o informe ao órgano xestor, para que o mesmo proceda consonte ao disposto no artigo 51 da Lei 38/2003.

Rematado o traballo de control financeiro, emitirase un informe provisional, que será posto en coñecemento do Servizo provincial correspondente por un prazo de vinte días hábiles. Rematado este prazo, elaborárase o informe definitivo, ao que se unirán, no seu caso, as alegacións e informes da unidade xestora.

Para cada período auditado, emitirase un informe final ou resume de actuacións, no que se recollerán as incidencias máis salientables na fiscalización dos expedientes, elevando unha proposta de medidas correctoras e suxerencias ao Presidente da Corporación, para que éste lle dea traslado ao Pleno da Corporación e lle poida propor a aprobación das medidas máis axeitadas para garantir unha mellor xestión na acción de fomento da Excm. Deputación Provincial. Dito informe unirase á Conta xeral, de xeito que se lle dea a mesma tramitación prevista legalmente para dito documento, trasladando tamén o informe de conclusións ao Consello de Contas de Galicia.

**VI) PROPOSTA DE ACORDO.**

En virtude das consideracións expostas, proponse ao Pleno da Corporación, previo dictame da Comisión informativa de Economía e Facenda, que aprobe o seguinte acordo:

**Aprobar o Plan de control financeiro das subvencións xustificadas e pagadas no exercicio de 2005, conforme ás normas e criterios de selección de expedientes expostos anteriormente.**

A Coruña, a 10 de maio de 2006.

O INTERVENTOR ADXUNTO,

O INTERVENTOR XERAL,

Asdo. Juan Bautista Suárez Ramos

Asdo. José Manuel Pardellas Rivera